

CONVOCATORIA	1562
POSTO	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A <i>PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025" CON DESTINO AO SERVICIO DE COOPERACIÓN</i>
TIPO	Primeiro exercicio (TEST)
DATA	23 de abril de 2026

PRIMEIRO EXERCICIO – TIPO TEST

1. O artigo 9.3 da Constitución Española de 1978 garante, entre outros, os principios de:

- a. Legalidade, xerarquía normativa e imparcialidade.
- b. Seguridade xurídica, publicidade das normas e celeridade.
- c. Xerarquía normativa, legalidade e seguridade xurídica.
- d. Retroactividade das disposicións sancionadoras, publicidade das normas e xerarquía normativa.

2. Corresponde en todo caso ao Pleno da Deputación:

- a. A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- b. Aprobar a oferta de emprego público.
- c. Asegurar a xestión dos servizos propios da Comunidade Autónoma cuxa xestión ordinaria estea encomendada á Deputación.
- d. Ningunha é correcta.

3. Son competencias propias da Deputación,

- a. A prestación do servizo de recollida de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.
- b. A prestación dos servizos de prevención e extinción de incendios nos municipios de menos de 20.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.
- c. A prestación do servizo de recollida de residuos nos municipios de máis de 5.000 habitantes, cando estes non procedan á súa prestación.
- d. Son correctas a e b.

4. No ámbito dos funcionarios de carreira da Administración Local, a Escala de Administración Xeral divídese nas subescalas seguintes:

- a. Técnica, de xestión, administrativa, auxiliar e subalterna.
- b. Técnica, de xestión, administrativa, auxiliar e de servizos especiais.

- c. Técnica, de xestión, administrativa, auxiliar e de oficios.
- d. Ningunha é correcta.

5. De conformidade co Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, a distribución dos extintores será tal que o percorrido máximo horizontal, desde calquera punto do sector de incendio que deba ser considerada orixe de evacuación, ata o extintor non supere:

- a. 15m
- b. 25m
- c. 40m
- d. 50m

6. Segundo o Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, para facilitar o manexo das BIE con manguera plana, a lonxitude máxima da manguera será de:

- a. 50m
- b. 40m
- c. 30m
- d. 20m

7. De conformidade co Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, cada edificio contará co número de columnas secas suficientes para que o percorrido máximo ata as mesmas, seguindo percorridos de evacuación, sexa menor de:

- a. 80m
- b. 60m
- c. 40m
- d. 20m

8. Segundo o Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalación térmicas nos edificios, cando a potencia térmica nominal a instalar en xeración de frío sexa maior ou igual que 5 kW e menor ou igual que 70 kW, se requirirá:

- a. A realización dun proxecto.
- b. O proxecto poderá ser substituído por unha memoria técnica.
- c. Non é preceptiva a realización de ningunha documentación técnica.
- d. Ningunha resposta anterior é correcta.

9. De conformidade co Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalación térmicas nos edificios, NON se considera reforma dunha instalación térmica:

- a. A redución do número de equipos xeradores de calor.
- b. A incorporación de enerxías renovables.
- c. A substitución dun xerador de calor por outro de diferentes características.
- d. O cambio de uso previsto do edificio.

10. Segundo o Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalación térmicas nos edificios, cando unha instalación térmica teña unha potencia térmica nominal total instalada en xeración de calor ou frío maior que 70 kW, o seu mantemento deberá realizarse por:

- a. O titular da instalación, sen necesidade de empresa mantedora.
- b. Unha empresa mantedora, sen necesidade de contrato de mantemento.
- c. Unha empresa mantedora coa que o titular debe subscribir un contrato de mantemento.
- d. Unha empresa instaladora autorizada, baixo a supervisión do usuario.

11. De conformidade coas Bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria 2025, considéranse actuacións subvencionables, sempre que sexan de competencia municipal e teñan carácter estratéxico local:

- a. Os gastos correntes de mantemento ordinario de edificios municipais.
- b. As intervencións de humanización, urbanización, reurbanización, recuperación ou mellora en espazos públicos urbanos ou naturais.
- c. As nóminas do persoal municipal adscrito ao servizo.
- d. As campañas de publicidade non vinculadas a un investimento.

12. Conforme ao disposto no artigo 244 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as accións para esixir a responsabilidade ao contratista por danos materiais dimanantes dos vicios ou defectos ocultos da construción,

- a. Prescribirán no prazo de catro anos a contar desde que se produzan ou se manifesten ditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual.
- b. Prescribirán no prazo de quince anos a contar desde que se produzan ou se manifesten ditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual.

- c. Prescribirán no prazo de dous anos a contar desde que se produzan ou se manifesten ditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual.
- d. Ningunha es correcta.

13. De acordo co establecido no artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que regula a recepción e prazo de garantía no contrato de obras,

- a. Dentro do prazo de dous meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto nesta Lei.
- b. O artigo 243 non regula a recepción e prazo de garantía.
- c. Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará exonerado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo seguinte, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.
- d. Son correctas a) e c).

14. De acordo co disposto no artigo 242 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, recabará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará coas seguintes actuacións:

- a. Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica desta; audiencia do contratista por prazo mínimo de cinco días e aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.
- b. Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica desta; audiencia do contratista e do redactor do proxecto por prazo mínimo de cinco días e aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.

- c. Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica desta; audiencia do contratista e do redactor do proxecto por prazo mínimo de tres días e aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.
- d. Redacción da modificación do proxecto; audiencia do contratista e do redactor do proxecto por prazo mínimo de dez días e aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.

15. Sinala o artigo 246 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que se se demorase inxustificadamente a comprobación do reformulo, dando lugar á resolución do contrato, o contratista so terá dereito por todos os conceptos a unha indemnización:

- a. Equivalente ao 3% do prezo da adxudicación, IVE excluído.
- b. Equivalente ao 2% do prezo da adxudicación, IVE excluído.
- c. Equivalente ao 3% do prezo da adxudicación, IVE incluído.
- d. Equivalente ao 2% do valor estimado do contrato.

16. Segundo a Parte I do Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (CTE) Quen certifica a correcta execución da obra no certificado final de obra?

- a. O promotor.
- b. O construtor.
- c. O colexio profesional.
- d. O director de obra e o director de execución da obra.

17. Segundo o Anexo 1 da Parte I do Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (CTE) que documento NON é obrigatorio no proxecto básico?

- a. Orzamento detallado con cadro de prezos.
- b. Planos de situación.
- c. Memoria descritiva.
- d. Prego de condicións.

18. Segundo o CTE-DB-HS 5 Evacuación de augas, indique cal das seguintes afirmacións respecto de os colectores colgados é VERDADEIRA:

- a. Deben ter unha pendente do 5% como mínimo.
- b. As baixantes conéctanse aos colectores colgados mediante cóbados simples.

- c. Débese dispoñer de rexistros nos tramos rectos de xeito que a distancia entre eles non supere o 15 m.
- d. A un mesmo punto deben acometer máis de tres colectores.

19. Segundo o CTE-DB-HS 6 Protección fronte á exposición ao radón, para limitar o risco de exposición dos usuarios a concentracións inadecuadas de radón procedente do terreo no interior dos locais habitables, establécese un nivel de referencia para a media anual de concentración de radón no interior dos mesmos de:

- a. 300 Bq/m³.
- b. 700 Bq/m³.
- c. 1000 Bq/m³.
- d. 800 Bq/m³.

20. Segundo o CTE-DB-SUA 1 Seguridade fronte ao risco de caídas, a tabica dunha escaleira medirá como máximo:

- a. 17,5 cm en tódalas zonas (de uso público e privado).
- b. 13 cm en tódalas zonas (de uso público e privado).
- c. 18,5 cm en zonas de uso privado sempre que se dispoña de ascensor como alternativa.
- d. 20 cm en tódalas zonas (de uso público e privado).

21. Segundo o CTE-DB-SUA 9 Accesibilidade, os mecanismos (interruptores, pulsadores de alarma, etc.) accesibles estarán situados a unha altura comprendida entre:

- a. 90 e 150 cm
- b. 80 e 120 cm
- c. 70 e 150 cm
- d. 70 e 120 cm

22. Segundo o CTE-DB-SI 1 Propagación interior, a superficie máxima dun sector de incendio cuxo uso é Administrativo non debe exceder de:

- a. 100 m²
- b. 500 m²
- c. 2.500 m²
- d. 4.000 m²

23. Segundo o CTE-DB-SI 3 Evacuación de ocupantes, a máxima lonxitude dos percorridos de evacuación dun aparcamento dun edificio con diferentes usos, situado nunha soa planta, é de:

- a. 25 m se só ten unha única saída.
- b. 35 m en todo caso.
- c. 70 m se dispón de dúas saídas.
- d. 50 m se ten unha saída directa ao espazo exterior seguro e a súa ocupación é inferior a 25 persoas.

24. Segundo o CTE-DB-HE 1 Condicións para o control da demanda enerxética, que parámetro dos seguintes debe cumprir a envolvente térmica para controlar a demanda enerxética?

- a. A transmitancia térmica máxima dos seus elementos.
- b. O número de puntos de recarga para vehículos.
- c. A xeración de enerxía eléctrica procedente de fontes renovables.
- d. Eficiencia enerxética da instalación de iluminación.

25. En que disposición da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, se regula o "Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento"?

- a. Na disposición transitoria primeira.
- b. Na disposición transitoria segunda.
- c. Na disposición transitoria terceira.
- d. Na disposición adicional primeira.

26. Conforme o artigo 142 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

- a. As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- b. As demolicións, en todo caso.
- c. A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións, en xeral, cando non teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio nin implantar un uso residencial.
- d. A extracción de granulados para a construción e a explotación de canteiras, aínda que se produza en terreos de dominio público e estean suxeitos a concesión ou autorización administrativa.

27. Segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sométese o réxime de comunicación previa:

- a. Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- b. Parcelamentos urbanísticos.
- c. Muros de contención de máis de metro e medio de altura.
- d. Primeira ocupación de edificacións.

28. Segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción das mesmas. Na súa falta:

- a. O prazo de iniciación non poderá exceder os tres meses e o de terminación os tres anos, desde a data da súa solicitude, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a tres meses.
- b. O prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a tres meses.
- c. O prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data da súa solicitude, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- d. O prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

29. De acordo coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, cal das seguintes actividades non se atopa sometida a licenza ou autorización:

- a. A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma, conforme o procedemento que regulamentariamente se estableza.
- b. A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario que se desenvolvan esporadicamente en establecementos abertos ao público.
- c. A apertura de establecementos abertos ao público cunha capacidade superior a 500 persoas.
- b. A montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que haxan de dispoñer de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.

30. Segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando se trate de actos suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, o promotor comunicará ao concello a intención de levar a cabo o acto, cunha antelación mínima de:

- a. Quince días naturais.
- b. Quince días hábiles.
- c. Dez días naturais.
- d. Dez días hábiles.

31. O Plan básico autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo:

- a. Terá carácter complementario do plan urbanístico municipal naqueles concellos nos que exista.
- b. Será de aplicación para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do plan municipal vixente, podendo en todo caso, modificar a clasificación do solo e alterar as determinacións do plan que complementa.
- c. En virtude do seu carácter subsidiario, as determinacións do Plan básico autonómico serán aplicables con carácter potestativo nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal, ata que se doten del.
- d. Non incorpora as determinacións dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio aprobados de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio de Galicia.

32. Os itinerarios peonís accesibles, segundo regúlase no Anexo da Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, deben cumprir a seguinte condición:

- a. En todo o seu desenvolvemento posuirán unha anchura libre de paso non inferior a 1,80m, que garanta o xiro, cruzamento e cambio de dirección das persoas, independentemente das súas características ou modo de desprazamento.
- b. En todo o seu desenvolvemento posuirá unha altura libre de paso non inferior a 3,00m.
- c. A pendente lonxitudinal máxima será do 8%.
- d. Ningunha das respostas é correcta.

33. Segundo o establecido no artigo 29 da Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados, os bolardos instalados en zonas de uso peonil deben reunir algunha das seguintes condicións:

- a. Terán unha altura situada entre 0,40 e 1,60 m, un ancho ou diámetro mínimo de 10 cm e un deseño redondeado e sen arestas.
- b. Terán unha altura situada entre 0,60 e 1,80 m, un ancho ou diámetro mínimo de 15 cm e un deseño redondeado e sen arestas.
- c. Terán unha altura situada entre 0,75 e 1,00 m, un ancho ou diámetro mínimo de 10 cm e un deseño redondeado e sen arestas.
- d. A súa cor non contrastará co pavimento, debendo integrarse cromáticamente coa contorna en toda a peza.

34. Nas ramplas ás que se refire o artigo 14 da Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, permitírase unha pendente lonxitudinal máxima do 10% para tramos de ata:

- a. 3,00 m de lonxitude.
- b. 9,00 m de lonxitude.
- c. 6,00 m de lonxitude.
- d. 10,00 m de lonxitude.

35. Segundo establécese no Anexo I do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, de disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, os lugares de traballo xa utilizados antes da entrada en vigor deste Real Decreto, deben cumprir as seguintes condicións:

- a. A profundidade mínima dos descansos intermedios das escaleiras será de 1,12 m.
- b. A profundidade mínima dos descansos intermedios das escaleiras será maior ou igual que a metade da anchura desta, cun mínimo de 1,80 m.
- c. A profundidade mínima dos descansos intermedios das escaleiras será maior ou igual que a metade da anchura desta, cun mínimo de 0,80 m.
- d. Ningunha das respostas é correcta.

36. O Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, será de aplicación a:

- a. As obras de construción temporais ou móbiles.
- b. As industrias de extracción.
- c. As naves industriais.
- d. Os buques de pesca.

37. De conformidade co ao artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o plan de seguridade e saúde no traballo deberá ser aprobado antes do inicio da obra por:

- a. O contratista.
- b. A dirección facultativa das obras.
- c. O coordinador en materia de seguridade e saúde.
- d. Ningunha das anteriores é correcta.

38. Segundo o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, o Plan de seguridade e saúde no traballo:

- a. Será elaborado polo coordinador en materia de seguridade e saúde.
- b. Será elaborado por cada contratista.
- c. Será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde xunto co proxecto de execución da obra.
- d. Será elaborado polo coordinador en materia de seguridade e saúde e aprobado xunto co proxecto de execución da obra.

39. Segundo o establecido no Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios será de aplicación a:

- a. Edificios ou partes de edificios existentes que se vendan ou aluguen a un novo arrendatario.
- b. Edificios independentes, é dicir, que non estean en contacto con outros edificios e cunha superficie útil total inferior a 50 m².
- c. Construcións provisionais cun prazo previsto de utilización igual ou inferior a dous anos.
- d. Ningunha das anteriores é correcta.

40. Segundo o establecido no Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, o certificado de eficiencia enerxética terá unha validez máxima de:

- a. 10 anos.
- b. 15 anos.
- c. 20 anos.
- d. Non caduca.

PREGUNTAS DE RESERVA:

41. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial intégrase:

- a. Pola persoa que ostenta a Presidencia e un número de Deputados/as non superior ao terzo do número legal dos mesmos.
- b. Pola persoa que ostenta a Presidencia e un número de Deputados/as non superior á cuarta parte do número legal dos mesmos.
- c. Pola persoa que ostenta a Presidencia e un número de Deputados/as non superior á quinta parte do número legal dos mesmos.
- d. Pola persoa que ostenta a Presidencia e o número de Deputados/as designados libremente por aquela.

42. Segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta en relación á caducidade das licenzas?:

- a. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da licenza.
- b. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- c. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior á metade do inicialmente acordado.
- d. Todas son correctas.

43. Segundo o establecido no Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, que edificios NON están obrigados a exhibir a etiqueta de eficiencia enerxética:

- a. Edificios de nova construción.
- b. Edificios ou partes de edificios pertencentes ou ocupados por unha Administración Pública, cunha superficie útil total superior a 250 m².



- c. Edificios ou partes de edificios destinado a uso sanitario cunha superficie útil total superior a 500 m².
- b. Edificios ou partes de edificios destinado a uso administrativo cunha superficie útil total superior a 500 m².

44. En relación coa adquisición de terreos ou inmobles, as Bases reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria 2025 establecen que:

- a. Nunca será unha actuación subvencionable.
- b. Será elixible cando sexa necesaria directamente para executar as actuacións.
- c. Só será subvencionable se o ben pertence a outra administración.
- d. Unicamente poderá financiarse cando se trate de actuacións en solo rústico.

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA O NOMEAMENTO DUN/HA ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA 2025", CON DESTINO AO SERVIZO DE COOPERACIÓN

RESPOSTAS DO TEST

1	C	21	B	RESERVA	
2	A	22	C	41	A
3	B	23	D	42	B
4	A	24	A	43	A
5	A	25	A	44	B
6	D	26	A		
7	B	27	D		
8	B	28	D		
9	A	29	B		
10	C	30	B		
11	B	31	A		
12	C	32	A		
13	C	33	C		
14	C	34	A		
15	B	35	A		
16	D	36	C		
17	A	37	C		
18	C	38	B		
19	A	39	A		
20	C	40	A		

